

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Personal

Lista definitiva persoas admitidas/excluídas, tribunal, lugar e data, proceso selectivo (concurso), praza persoal laboral fixo de profesor/a conservatorio, especialidade saxofón (OEP-E 2022) Estabilización do emprego

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000033

Mediante o Decreto 338/2024, do 21/02/2024, do concelleiro-delegado da Área Xestión económica, Planificación Urbana, Servizos á veciñanza e Recursos Humanos, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, a composición do tribunal e a determinación do lugar, día e hora do comezo do proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de Profesor/a do Conservatorio, especialidade de saxofón, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de profesor/a do conservatorio, especialidade saxofón, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo A1, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Bouza Lage, Ángel Rusbel	***1668**	Sí	- Consta documentación acreditativa de experiencia profesional no apartado 6.2.1a.1) que non indica na relación de méritos (Anexo I)

As persoas aspirantes en posesión do Celga 4 (ou equivalente), están exentas de realizar a proba de galego a que se refire a base sétima das bases específicas do proceso selectivo.

b) Persoas aspirantes excluídas: Ningunha

2º) O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Designar as seguintes persoas -todas elas persoal funcionario ou laboral fixo deste concello, coa excepción que se indica- para integrar o órgano de selección na condición que en cada caso se indica:

– Presidencia:

Titular: Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

Suplente: María del Carmen Rego Piñeiro, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

– Vogalías:

1.ª):

Titular: José Manuel Campello Blanco, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

Suplente: José Alvaríño López, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

2.ª):

Titular: José Manuel Campello Blanco, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

Suplente: José Alvaríño López, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

3.ª):

Titular: Graciela María López Varela, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

Suplente: Eva Bergantiños Pérez, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)

– Secretaría:

Titular: María Roca Vázquez, funcionaria de carreira do subgrupo A1 do concello de Pontedeume

Suplente: José Manuel Cabarcos Anca, funcionario de carreira do subgrupo A1

4º) Fixar lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da fase de concurso, nos seguintes termos:

a) Día: 11 de marzo de 2024

b) Lugar: Salón de sesións da Casa do Concello

c) Constitución do tribunal: 10:45 horas

d) Valoración da fase de concurso: 11:00 horas

e) Convocar ás persoas integrantes do órgano de selección para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados

5º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico) e na páxina web municipal, tal e como dispoñen as bases da convocatoria.

6º) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a concellaría delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

As Pontes de García Rodríguez, 22 de febreiro de 2024

O concelleiro-delegado da Área de Planificación Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román

2024/1288